



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 13 de febreiro de 2019**

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2019.
2. Concédese licenza de obras para o acondicionamento interior de ático con cambio de uso de trasteiro a vivenda, no Canellón Torres, nº 4, Marín.
3. Concédese licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar de planta baixa en A Teoira, nº 24, Marín.
4. Adxudícase o contrato de obras de “Pavimentación dos accesos á barriada de San Pedro” á empresa Nexia Infraestructuras, S.L.U., por importe de 64.118,94 euros e prazo de execución dun mes, con cargo ó Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
5. Adxudícase o contrato de obras de “Instalacións de recreo infantís en Parque Eguren. Marín” á empresa Jardincelas, S.L., por importe de 112.554,45 euros e prazo de execución dun mes, con cargo ó Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
6. Acórdase o inicio do expediente de contratación das obras de “Substitución de cuberta no lavadoiro do río de Casás e acondicionamento do entorno”, cun orzamento base de licitación, sen IVE, de 48.004,31 euros, incluídas no Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.
7. Acórdase o inicio do procedemento para a adquisición a título oneroso dun inmovible no núcleo urbano de Marín, con destino a arquivo municipal, sala de lectura e outros usos públicos complementarios, por procedemento aberto, mediante concurso.
8. Solicítase subvención, por importe de 111.000,88 euros, á Consellería de Economía, Emprego e Industria, para a contratación de 24 traballadores desempregados para a obra ou servizo denominado “Salvamento e Socorrismo”, ao abeiro das axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o ano 2019.
9. Solicítase a adhesión ao programa “Depotermal” 2019, da Deputación de Pontevedra.
10. Dáse conta das bases reguladoras para a concesión de subvencións para o equipamento e mellora de instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais e a súa convocatoria para o ano 2019, da Consellería de Cultura e Turismo.
11. Dáse conta das bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
12. Dáse conta das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300027D8300N6L4C4V6O6O1 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190163203
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 21/02/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/02/2019 09:40:59	Fecha: 21/02/2019 Hora: 09:40



ILTMO. CONCELLO DE MARÍN

13. Rogos e preguntas. Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia os seguintes asuntos:

1. Dáse conta da concesión de subvención con destino ó financiamento do investimento “Restauración do lousado exterior ó centro de preescolar de Marín”, por importe de 45.752,31 euros, con cargo ao Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, da Deputación de Pontevedra.

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

Avda. de Ourense s/n, 36900 Marín (Pontevedra) - Teléfono 986 880 300 - Fax 986 882 013 - www.marin.es

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E300027D8300N6L4C4V6O6O1 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20190163203
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 21/02/2019 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/02/2019 09:40:59	Fecha: 21/02/2019 Hora: 09:40